

Unidade 5. Lucecús apagados

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

O pai sempre lle dicía a Cocolicot:

—Os crocodilos non choran!

E a nai engadía:

—Os crocodilos son afoutos, teñen coraxe e resisten!

Cocolicot facía que choraba. Facíao cando tiña antollos de algo e non llelo daban. Cocolicot abría a boca e botaba a berrar:

—Nai, quero que me collas marmelos da árbore. A min non me gustan os confeitados. Buuuaaa!

Aquelas eran bágoas de mentira. Eran pouquiñas. Estaban secas. Estaban baleiras. Eran bágoas de crocodilo.

Un día, Cocolicot botou a faltar a Coquiu, o paxaro que sempre andaba preto, ben ao seu rabo, ben ao rabo de Coconut, a irmá del. Cocolicot púxose triste, e unha, tres ou acaso cinco bágoas a pouco lle saltan dos ollos. Cocolicot tívoas que conter.

—Chorar é cousa de paxaros amorriñados, de gacelas sosegadas e de xirafas lánguidas —dicía Coconut.

Pep MOLIST

1. Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- A nai sempre dicía: «Os crocodilos non choran!».
- Cocolicot facía que choraba.
- As bágoas de Cocolicot eran de verdade.
- Cando Cocolicot quería algo abría a boca e botaba a berrar.

Unidade 5. Lucecús apagados

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

2. Completa.

As bágoas de crocodilo eran bágoas de _____.

Eran _____, estaban _____ e estaban _____.

3. Como son os crocodilos?

4. Quería Cocolicot a Coquiu? Por que?

5. Que opinaba Coconut sobre chorar?

6. Tes a mesma opinión que Cococut? Por que?

Unidade 5. Lucecús apagados

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

7. Rodea os substantivos de vermello e os adxectivos de azul.

- Hai uvas maduras e mazás vermellas no froiteiro grande.
- A nena pequena ten un libro novo debaixo dos xoguetes.
- A mensaxe telefónica era da miña veciña maior.

8. Completa o texto con adxectivos.

O meu curmán _____ Brais ten un gato _____,
é moi _____. Ten o pelo _____ e _____.
O seu rabo non é moi _____ porque de pequeno
pillouno cunha porta. Ten uns enormes ollos _____.
Gústalle moito comer e está un pouco _____.

9. Escribe tres substantivos para acompañar estes adxectivos.

- limpos: _____
- amarela: _____
- longo: _____

10. Busca o adxectivo que mellor lle acade ao substantivo e escribe unha oración.


comida

aburrido rápidas salgada amarela saborosos

Unidade 5. Lucecús apagados

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

11. Completa as oracións cos nomes dos debuxos.



- O _____ leva unha _____ para a igrexa.



- Merquei unha _____ e un _____ de marmelo.

12. Copia as oracións coa palabra correcta.

- Henrique/Henrrique traballaba de bonbeiro/bombeiro.

- Os bombóns/bonbóns están nesa caixa marón/marrón.

- A carreira/careira de bicicletas enpezou/empezou ás doce.

13. Ordena as sílabas e forma palabras.

- rre co dor _____
- pe ta trom _____
- dor za ca _____
- re en dar _____


Unidade 5. Lucecús apagados

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

14. Busca no barullo de letras cinco nomes de árbores e escríbeos.

C	A	R	B	A	L	L	O
T	C	R	I	N	O	C	M
P	I	Ñ	E	I	R	O	A
V	Ñ	U	T	E	D	A	C
P	E	R	E	I	R	A	E
N	I	I	T	R	C	B	I
O	R	B	U	T	A	Z	R
X	A	U	M	A	I	N	A

15. Observa a ilustración e escribe catro oracións explicando o que ves nela.



- _____
- _____
- _____
- _____

16. Escribe o nome.

- Rocha grande: _____
- Montaña pequena: _____